



MOBILIDADES DE ESTUDO – ERASMUS+

CONVOCATORIA DO CURSO 2015-2016

As Ensinanzas Superiores de Deseño dispoñen da Carta Erasmus + para mellorar a formación dos estudantes mediante a realización de estadias en Institucións de Educación Superior ou empresas europeas.

Obxectivos

O obxectivo desta convocatoria é a selección dos beneficiarios para a súa participación no curso 2015/2016 nos programas Erasmus + da Acción clave 1: Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

Requisitos da convocatoria

Xerais:

Alumnos das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño con 100 créditos ECTS superados no momento de realizar a solicitude. O alumnado seleccionado cursará no 1º semestre do curso 2015-2016 os 30 créditos ECTS correspondentes ás materias optativas do 4º curso.

Para poder asinar o convenio Erasmus serán requisitos imprescindibles que o alumno/a teña superados en Xuño (na convocatoria ordinaria de 3º curso):

- 1.- como mínimo 135 créditos ECTS e
- 2.- todos os créditos asociados á materia Proxecto de Deseño de Moda e Indumentaria ou Proxectos de Produtos e de Sistemas.

En caso de non cumprir estes requisitos será seleccionada a seguinte persoa na lista de espera.

Específicos:

- Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no Programa Erasmus ou estar recoñecido polo país onde reside como refuxiado, apátrida ou residente permanente.
- Non ter participado con anterioridade nunha estadia de mobilidade Erasmus con fins de estudos.
- Esta norma aplícase independentemente de ter realizado unha estadia con ou sen axuda.

Idiomas: requisitos

Os candidatos deben acreditar documentalmente, no momento da solicitude, os coñecementos de idiomas segundo a lingua utilizada polo centro de acollida.

Niveis de acreditación segundo país de destino:

- Polonia: nivel B1 de inglés.
- Portugal: nivel B1 de portugués¹.
- Italia: nivel B1 de italiano¹.
- Reino Unido: nivel B2 de inglés.



(1) Nestes casos non será necesaria a titulación acreditativa para realizar a mobilidade; a Escola informará aos alumnos ou alumnas seleccionados do proceso de acreditación por parte do propio centro en caso de ser necesario.

Centros de destino

As estadias deberán realizarse nunha institución de educación superior coa que exista un convenio para a mobilidade asinado para o curso 2015/16. O número de prazas e destinos varía cada ano e é diferente para cada centro. A oferta de prazas na EASD Mestre Mateo para o curso 2015/16 para Erasmus + da Acción clave 1: Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe son:

- Deseño de Produto:

INSTITUCIÓN		Duración	Prazas
JAN MATEJKO ACADEMY OF FINE ARTS IN KRAKOW PL KRAKOW10 http://www.asp.krakow.pl/	Cracovia, Polonia	1º semestre 5 meses	2
ACCADEMIA DI BELLE ARTI DI BRERA - MILANO I MILANO08 www.accademiadibrera.milano.it	Milán, Italia	1º semestre 5 meses	2
IADE – Instituto de Artes Visuais Design e Marketing P LISBOA46 www.iade.pt	Lisboa, Portugal	1º semestre 5 meses	1

- Deseño de Moda:

INSTITUCIÓN		Duración	Prazas
ACCADEMIA DI BELLE ARTI DI BRERA - MILANO I MILANO08 www.accademiadibrera.milano.it	Milán, Italia	1º semestre 5 meses	1
IADE – Instituto de Artes Visuais Design e Marketing P LISBOA46 www.iade.pt	Lisboa, Portugal	1º semestre 5 meses	2
REGENT'S UNIVERSITY LONDON UK LONDON134 www.regents.uk	Londres, Reino Unido	1º semestre 5 meses	2

Estadias: duración

As estadias terán unha duración **semestral** e realizaranse no primeiro cuadrimestre.

Os meses disfrutados de mobilidade Erasmus + con finalidade de estudos computan á hora de calcular o número de meses que se poden facer de prácticas. Un estudante conta en total con 12 meses de mobilidade por ciclo de estudos.

Axudas: contías

Existen dúas vías de financiamento.

- A do Servicio Español para a Internacionalización de la Educación (SEPIE), por un máximo de 5 meses. O importe das axudas dependerá do nivel de vida do país de destino, segundo os tres grupos que se mostran a continuación:



Grupos	Países	Asignación
Grupo 1	Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Liechtenstein, Noruega, Reino Unido, Suecia	300 euros/mes
Grupo 2	Alemania, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, España, Grecia, Islandia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, República Checa, Turquía	250 euros/mes
Grupo 3	Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Rumanía, antiga República Yugoslava de Macedonia	200 euros/mes

O ingreso desta axuda será realizado pola Coordinación Erasmus en dous pagos, vinculados á recepción de certa documentación, do xeito que segue:

- primeiro pago do 80% do importe total da beca unha vez presentada toda a documentación necesaria incluído o certificado de chegada.
- liquidación do 20% restante tras a entrega do certificado de fin de estancia orixinal e o informe do estudante.

O abono das axudas realizarase exclusivamente mediante transferencia bancaria a contas correntes situadas en España, e os seus titulares ou cotitulares deberán ser necesariamente as persoas beneficiarias das mesmas.

No caso de que a estancia sexa de entre 2 e 3 meses (meses incompletos), a axuda financeira calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

- Por outro lado, o Ministerio de Educación, Ciencia y Deporte (MEDC) realiza unha convocatoria anual de Erasmus Estudos. Esta axuda supón 100€ mensuais máis respecto da axuda do SEPIE, é dicir, a dotación sería de 400€ mensuais para países do grupo 1, 350€ para países do grupo 2 e 300€ para países del grupo 3.

O prazo de solicitude para a convocatoria 15/16 farase pública no momento que o saiba a Oficina Internacional da Escola.

O abono da axuda económica do MECD será efectuada directamente polo Ministerio.

- Durante a súa mobilidade a/o estudante seguirá disfrutando das becas ou préstamos con fins educativos que podería obter normalmente para estudar na Escola. As axudas de mobilidade Erasmus+ son complementarias ós sistemas nacionais e/ou autonómicos, incluídos os que ofrecen unha compensación polos gastos adicionais dos estudos ou prácticas que se realizan no estranxeiro (exceptuando as becas Erasmus do Ministerio de Educación).

O estudante poderá recibir unha axuda financiada pola Comisión Europea, a través do SEPIE, ou ben unha axuda do Ministerio de Educación. Ambas axudas son incompatibles entre si.

A axuda é para contribuír a sufragar os gastos adicionais aos que ten o alumno ou alumna aquí, e na maioría dos casos non cubre a totalidade dos custos das estancias no estranxeiro.



O candidato seleccionado pode renunciar libremente a estas axudas.

Solicitud e documentación

O/a solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude impreso e asinado dispoñible no Anexo I da presente convocatoria, na Secretaría da Escola e en <http://www.easd.es/gal/internacional/llp-erasmus/outgoing/estudios-sms>. Os destinos solicítanse por orde de preferencia entre as prazas ofertadas para as Ensinanzas Superiores de Deseño de cada especialidade.
- Documentación acreditativa de coñecementos de idiomas ou doutros méritos que se quixeran facer valer.
- Un C.V. en formato europeo cunha foto (o idioma de redacción será o do centro de destino ou inglés).
- Carta de motivación.

A secretaría da Escola xuntará á solicitude de cada candidato a seguinte documentación:

- Certificado de expediente académico no que conste a nota media do expediente: nota media de acordo coas normas establecidas na Orde o 30 de setembro de 2010 (DOG do 8 de outubro). Non se terán en conta as disciplinas nas que non conste cualificación numérica.
- Fotocopia da matrícula no terceiro curso das Ensinanzas Superiores de Deseño.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse na Secretaría da Escola.

A data límite é o **2 de marzo de 2015, ás 14:00h.**

Cráterios de selección e puntuación

Os/as solicitantes recibirán unha puntuación ente 0 e 10 puntos, dos cales:

1. Un máximo de 7 puntos corresponderase coa nota media do expediente académico.
2. Un máximo de 2,5 puntos corresponderase co coñecemento do idioma do país de destino*
3. Un máximo de 0,5 puntos corresponderase con outros méritos (artísticos, académicos, lingüísticos, laborais e de voluntariado).

*Cualificarase segundo a seguinte táboa, a partir da escala do MCERL, por cada lingua na que acredite a competencia lingüística:

Idioma no que se impartan as clases na Institución de destino solicitada				
A1, A2	B1	B2	C1	C2
0	0	1,5	2	2,5
Outro idioma estranxeiro:				
A2	B1	B2	C1	C2
0,25	0,5	0,75	1	1,25



Resolución

1. A Comisión seleccionadora estará composta por profesores do departamento, o Xefe de Estudos e a Coordinadora Erasmus.
2. A proposta de adxudicación de prazas por parte da Comisión seleccionadora incluíra as listaxes de suplentes e solicitudes excluídas, xunto co motivo da exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios do centro.
3. Contra a proposta de selección e a listaxe de suplentes poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia da Comisión de Selección do centro no prazo de dous días desde a publicación.
4. Transcorrido o prazo de reclamacións e logo de se resolveren, a proposta definitiva de selección e a listaxe de suplentes publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web. A secretaría da dita comisión enviará a proposta definitiva de selección á dirección do centro.
5. A proposta definitiva de selección do/a estudante suporá a aprobación provisional polo centro do compromiso de estudos, pendente da realización da matrícula en tempo e forma, así como de cumprir o estudante os requisitos de número de créditos ECTS aprobados na convocatoria ordinaria de 3º e os requisitos de acceso ao 4º curso das ensinanzas.
6. A adxudicación definitiva da axuda dependerá da aceptación do/a estudante por parte do centro de destino.
7. A adxudicación definitiva das axudas dependerá así mesmo da adxudicación de bolsas por parte da Axencia Nacional, SEPIE.

Aceptación e renuncia

Unha vez publicadas as listaxes definitivas, os seleccionados deberán formalizar a aceptación ou renuncia do destino adxudicado presentando o modelo do Anexo II, e sempre antes do prazo límite requirido polo centro de destino, e en ningún caso será antes da adxudicación de axudas por parte da Axencia Nacional, SEPIE.

As persoas que non presentaren a súa aceptación ou renuncia decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes.

Recoñecemento académico

Os créditos cursados terán pleno recoñecemento académico, dentro do máximo de créditos ECTS que se cursen na Institución de Orixe nese período de estudos.

Este recoñecemento se denegará se o estudante non acada o nivel esixido no Centro de Destino ou non cumpre os prazos e termos acordados.

Pagamentos das axudas

Para recibir a axuda do SEPIE, o/a bolseiro/a deberá asinar un convenio financeiro antes da súa incorporación ao centro de destino.

O pagamento farase en dúas fases:

- 80% da axuda pagarase cando se reciba o certificado de chegada ao centro de destino debidamente asinado e selado.
- 20% restante pagarase ao finalizar a estadía, logo de se presentar o certificado ORIXINAL de fin de estadía e o informe de experiencia do estudante dentro do prazo establecido.

As axudas do Ministerio de Educación xestiónanse directamente polo solicitante con este organismo.



Seguros

É responsabilidade de bolseiro tramitar a Tarxeta sanitaria europea ou subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as contingencias no país de destino.

Se os pais dos alumnos/as seleccionados son beneficiarios da Seguridade Social, deben dirixirse as oficinas do INSS para solicitar o formulario E-128 ou E-m. Os asegurados en mutuas ou seguros privados deben dirixirse a elas para obter a cobertura médica no estranxeiro

A EASD Mestre Mateo non será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo estudante durante o período da súa bolsa.

Obrigas dos bolseiros e contratos

Logo de aceptar a bolsa, o/a estudante comprométese a:

Antes da partida:

- Aboar as taxas de matrícula e o seguro escolar na EASD Mestre Mateo, de Santiago de Compostela.
- Contactar coa Coordinadora de Programas Internacionais da Escola para recibir información sobre o centro de destino e cubrir o *Learning Agreement* correspondente. Os acordos de estudos teñen un máximo de créditos de 30 ECTS por semestre.
- Presentar a *Application Form* que esixa cada Escola de destino en tempo e forma.
- Realizar un Portfolio e/ou unha presentación en CD dos seus traballos co visto e prace do Xefe/a do Departamento das Ensinazas Artísticas Superiores de Deseño correspondente.
- Redactar, se é o caso, a carta de motivación na que se expoñan as razóns da elección da Institución seleccionada.
- Asinar por duplicado o Convenio, esixido pola Axencia nacional, onde se recollen as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios
- Acreditar a vixencia dos Seguros antes da súa viaxe.

Durante a estadía no centro de destino:

- Na primeira semana desde a incorporación no destino, debe remitir por fax ou correo electrónico a Certificación de Chegada debidamente asinada e selada e os datos de contacto durante a estadía no estranxeiro.
- Manter o contacto directo periódico co/a coordinador/a académico a través do enderezo electrónico.
- Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar os estudos, presentarse aos exames para os que se lle adxudica a axuda e someterse ás normas do centro de destino en canto aos requisitos de conduta.

Finalizado o período de mobilidade na Institución de destino:

No prazo máximo dun mes tras finalizar a estadía, achegarlle á Coordinadora de Programas Internacionais:

- documento orixinal de "Certificado de Estadía"
- informe final (enquisa online)

Contrato de estudos (*LEARNING AGREEMENT*)

As modificacións que, con respecto ás materias acordadas, fose necesario introducir, se indicarán no apartado *EXCEPTIONAL CHANGES TO THE PROPOSED MOBILITY PROGRAM*. Estes cambios serán autorizados, coas correspondentes sinaturas, polas persoas indicadas no Learning Agreement. O prazo límite para a



rectificación das materias seleccionadas será dun mes dende a chegada ao centro de destino.

Incumprimentos

- As renuncias que se producisen fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda recibida.
- No caso de non acreditar a presentación aos exames mediante as cualificacións correspondentes, o estudante terá que devolver o importe da axuda recibida e será motivo de exclusión en posteriores convocatorias.

Calendario da convocatoria: Prazos

Publicación da convocatoria	29/01/2015
Límite de presentación de solicitudes	02/03/2015
Publicación das listaxes provisorias de selección	04/03/2015
Prazo de reclamacións	06/03/2015
Prazo de resolución das reclamacións e lista definitiva	10/03/2015
Prazo de aceptación e renuncia*	12/03/2015

* En todo caso, poderase renunciar no momento da resolución da Convocatoria 2015 KA1 Educación Superior polo SEPIE, de non obter financiamento a mobilidade da alumna/o, segundo a orde de axudicación.

Comisión de selección

- Xefe de estudos, ou persoa en quen delegue, que a preside.
- A Coordinadora de Programas Internacionais, que fai a labor de secretario.
- O/a Xefe do Departamento das Ensinanzas Superiores de Deseño da especialidade, ou a persoa en quen delegue.
- Un/ha profesor/a da especialidade, designado polo Director da Escola.

A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE ERASMUS+ PARA PRÁCTICAS SUPÓN A ACEPTACIÓN, EN TODOS OS SEUS TÉRMINOS, DAS BASES ESTABLECIDAS NA PRESENTE CONVOCATORIA

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2015



ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN – ERASMUS - SMS
TIPO DE MOBILIDADE SOLICITADA:
PERÍODO DE SOLICITUDE:
DATOS PERSOAIS Apelidos Nome DNI Correo electrónico
DOMICILIO FAMILIAR Dirección: C.P.: Poboación: Teléfono: DOMICILIO DURANTE O CURSO Dirección: C.P.: Poboación: Teléfono:
DATOS ACADÉMICOS Titulación que cursa: Materias pendentes doutros cursos: Coñecemento de Idiomas Idioma: Certificado que aporta: Idioma: Certificado que aporta: Idioma: Certificado que aporta:
INSTITUCIÓN DE DESTINO (é necesario indicar a orde de preferencia) 1. 2.
<input type="checkbox"/> Declaro que non recibín con anterioridade unha bolsa Erasmus da mesma modalidade que solicito
<input type="checkbox"/> Declaro que non participei anteriormente nunha mobilidade Erasmus da mesma modalidade que solicito
<input type="checkbox"/> Estou disposto a realizar unha estancia Erasmus sen axuda económica
Asdo.:O/A Solicitante Santiago de Compostela, __ de ____ de 2015

ANEXO II: ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á BOLSA DE MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS

ANEXO II: ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á BOLSA DE MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS
Quen abaixo asina declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da bolsa, e se compromete a cumprir os termos do contrato de estudos asinado
<input type="checkbox"/> Acepto a bolsa de mobilidade con fins de estudos para o curso académico 2015/16, concedida para ir a:
<input type="checkbox"/> Renuncio á bolsa de mobilidade con fins de estudos para o curso académico 2015/16, concedida para ir a Motivo da renuncia:
Santiago de Compostela,de de 2015 ASINADO Nome e apelidos: DNI: